

COMO
NOS ACTIVAMOS



GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS



COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Rúa da Espiñeira, 10 - Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

QUEN SOMOS

Somos psicólogos e psicólogas colexiados especializados na atención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofes.

Pertencemos ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde o ano 1997 temos convenio coa Xunta de Galicia.

A nosa andadura comezou no ano 1996 a raíz dos movementos sísmicos de Lugo e Ourense, baixo o nome de Grupo de Protección Civil.

Apartir dos atentados do 11-M no ano 2004 demos un salto cualitativo e cuantitativo, xerándose unha REDE de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz neste tipo de situacións as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa comunidade.

OS NÓSOS OBXECTIVOS

Coas persoas afectadas:

- Minimizar o impacto nelas.
- Restaurar as súas capacidades e recursos para que poidan resolver o máis eficazmente a situación de estrés.
- Previr posibles problemas psicolóxicos posteriores.

Coa dirección da emerxencia:

- Asesorar do impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados.

Cos grupos de intervenientes:

- Diminuír o nivel de estrés que poden experimentar derivado da situación.

CANDO INTERVIMOS

Situacións debidas a accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situación de violencia, ..., nas que haxa persoas afectadas que precisen de atención psicolóxica. Como poden ser:

- ▶ Cando haxa dúas ou máis persoas falecidas dunha mesma familia.
- ▶ Cando haxa menores entre as persoas falecidas ou afectadas.
- ▶ Cando o suceso se produza en contornos moi sensibles como centros escolares, centros comerciais, parques infantís, residencias,...
- ▶ Cando as persoas falecidas sexan por naufraxios.
- ▶ Cando polas características do suceso prevexan complicacións no rescate ou prolongación da atención no mesmo lugar do suceso.
- ▶ Cando o impacto e alarma social sexa alta.

Desde o GIPCE intervimos durante o tempo que dura a situación crítica.

